

Alexandre Criebeiro



Xosé Alexandre Criebeiro Rodríguez (Pontevedra, 1936-1995), desenvolveu unha actividade feraz no xornalismo audiovisual e sempre se sentiu abraiado polo cine. Ademais, foi un afervoadado militante cultural que se iniciou no grupo Brais Pinto, e tamén político, na procura dunha difícil síntese entre o

PCE e o nacionalismo galego de esquerdas. A súa obra poética, encadrada na denominada Xeración das Festas Minervais, recolle os libros "Indo pra máis perto" (1979), onde reedita o esgotado "Acoitelado na espera" (1960) e o premiado e inédito "Doente na esperanza" (1962), xunto a novos textos; e o póstumo "A señardade no puño" (1996). A súa obra poética foi reeditada, en edición de Miro Villar, no volume "Indo para máis perto". "A señardade no puño" (Xerais 2004).

A súa fugaz popularidade na xente foi por mor da súa dignidade maiúscula e perfecta profesionalidade na polémica retransmisión por TVE da volta dos restos mortais de Castelao a Compostela. Alexandre era o director do centro territorial de TVE en Galicia.

A Alexandre Cribeiro esta emisión custoulle o seu posto de traballo e un exilio interior en Madrid de varios anos.

No Chuza.org aparece unha ligazón ao blogue Endurance no que hai unha ligazón para ver as imaxes do soterramento dos restos de Castelao a Galiza en San Domingo de Bonaval, moi ao seu pesar. Sobrecolledoras imaxes e narración valente de Tareixa Navaza.

Postumamente apareceu un poemario: "A seña dade no puño", do cal escribo o poema XXIV

*Se soubeses Antón
como me doe a dor da túa dor
pasada,
que baleiro de verba se produce
se te lembro.
Se soubeses, Antón.*

Na poesía galega do século XX non debe esquecerse a este home digno, a este bo poeta.

Alexandre Cribeiro pasou grande parte da súa vida en Cangas, onde os seus pais foron mestres. O seu pai, D. Pío, home moi afable e conversador, era moi querido en toda a vila. Vivían nas "casas baratas" de Rodeira.